

**ACTA DO TRIBUNAL SELECCIONADOR DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A  
ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A SELECCIÓN DE persoal FUNCIONARIO  
INTERINO PARA POSIBLES SUBSTITUCIÓNs OU EXECUCIÓN DE PROGRAMAS  
TEMPORAIS NA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A (C1)**

**SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

En San Sadurniño, a tres de xullo de dous mil dezanove, sendo as dez horas, reúnense na Casa da Xuventude do Concello, baixo a presidencia da Secretaria-interventora do Concello de Moeche, Consolación Couce Calvo, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a elaboración dunha lista para a selección de persoal funcionario interino para posibles sustitucións ou execución de programas temporais na praza de administrativo(a).

Presidenta: Consolación Couce Calvo.

Vogais: Arturo Blanco Veloso, Lourdes Pérez Garrote, José Antonio Meizoso Paz

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno.

A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, examínanse polo Tribunal as dúas alegacións presentadas en relación co primeiro exercicio, relativas a catro preguntas das incluídas no mesmo. Previa breve deliberación, o Tribunal manifesta que non se considera que existan causas de anulación de ningunha das preguntas impugnadas, que se consideran suficientemente claras e correctamente resoltas, polo que acorda desestimar as alegacións de que se trata.

Seguidamente, procédese á supervisión e comprobación do exercicio proposto, confeccionado con preguntas redactadas polos membros do Tribunal. Respecto deste exercicio, as Bases da convocatoria indican o seguinte:

*"Consistente en desenvolver por escrito unha serie de preguntas sobre as materias comprendidas no temario establecido no Anexo I. A determinación das preguntas farase en sorteio público no mesmo momento da celebración do exame. O exercicio exporase oralmente ante o Tribunal. O tempo máximo de realización será de 60 minutos e puntuarase o nivel de coñecementos, a capacidade de síntese e a maneira de exposición do mesmo en canto á formación xeral, así como a lectura e exposición do mesmo ante o Tribunal. Puntuación máxima: 20 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non acaden un mínimo de 10 puntos."*

O Tribunal indica que a exposición dos exercicios realizarase no día de hoxe, a partires das doce horas e trinta e cinco minutos, no mesmo lugar en que se realizan, a Casa da Xuventude do Concello de San Sadurniño.

Sendo as once horas e trinta minutos, comprobada a identidade das persoas presentadas para o segundo exercicio, iníciase a súa realización.



Ás doce horas e trinta e cinco minutos, rematado o segundo exercicio, iníciase a valoración do mesmo polo Tribunal, tras a exposición oral dos exercicios polas persoas aspirantes, resultando a puntuación para cada unha delas que se indica na seguinte táboa:

Apelidos e nome	Puntuación 2º exercicio
Albes Testa Javier	14
Filgueira Caneiro Eiravedra Alba	17
Gómez Martínez Martina	16
Martínez Martínez Pilar	13
Pita Leonardo Iris	11
Pita Leonardo Jesús	10
Quintía Manteiga Sergio	Non apto
Salgado Vázquez Natalia	14

Rematada a asignación de puntuacións do segundo exercicio, o Tribunal dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, en aplicación do establecido nas bases da convocatoria, con data de hoxe.

O prazo de alegacións contra as puntuacións asignadas ó segundo exercicio, de tres días de duración, rematará o día oito de xullo próximo. O Tribunal indica que das alegacións que se presenten en relación con esta proba deberá remitirse copia mediante correo electrónico antes da finalización do prazo de presentación ó enderezo do Secretario do Tribunal: [miguel.arroyo@sansadurnino.gal](mailto:miguel.arroyo@sansadurnino.gal).

O terceiro e último exercicio da fase de oposición do presente proceso selectivo, para as persoas que superaron esta segunda proba, terá lugar o vindeiro día 11 de xullo, ás 10:30 horas, na Casa da Xuventude do Concello, sita en Av. Marqués de Figueroa, nº 5.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as trece horas e cincuenta minutos, dispoñendo a Presidenta do Tribunal que se redacte a presente acta, que asinan os seus membros, do que como Secretario certifico.

A PRESIDENTA,

AS VOGAIS,

O SECRETARIO,

